

18495 REAL DECRETO 1792/2008, do 3 de novembro, sobre concesión da nacionalidade española aos voluntarios integrantes das Brigadas Internacionais. («BOE» 277, do 17-11-2008.)

O Real decreto 39/1996, do 19 de xaneiro, sobre concesión da nacionalidade española aos combatentes das Brigadas Internacionais na Guerra Civil española, pretendeu recoñecer naquela data o labor de defensa da liberdade e dos principios democráticos que levaron a cabo os voluntarios integrantes das Brigadas Internacionais na Guerra Civil española.

Arbitrouse a concesión da nacionalidade española a través da carta de natureza prevista no número primeiro do artigo 21 do Código civil e considerouse que concurrían circunstancias excepcionais «nos voluntarios integrantes das Brigadas Internacionais que participasen na contenda en territorio español durante a Guerra Civil de 1936 a 1939».

Non obstante, o acceso á nacionalidade española por carta de natureza está suxeito –por mandato expreso do artigo 23 b) do Código– á declaración de renuncia do interesado á súa anterior nacionalidade. Esta renuncia débese formalizar, de acordo co artigo 224 do Regulamento do Rexistro Civil, mediante comparecencia ante o funcionario competente no prazo de cento oitenta días posteriores á notificación da concesión da nacionalidade.

Esta exigencia levou a un bo número de brigadistas a non facer efectiva a adquisición da nacionalidade española e a que, polo tanto, un bo número de solicitudes fosen arquivadas por transcorrer o prazo previsto no Real decreto 39/1996, do 19 de xaneiro.

Consciente o lexislador actual do rigor da exigencia de renunciar á anterior nacionalidade, o artigo 18 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, exime o colectivo integrado polas Brigadas Internacionais do requisito da renuncia á anterior nacionalidade.

O propio artigo 18 establece, así mesmo, que, mediante real decreto aprobado polo Consello de Ministros, se determinarán os requisitos e o procedemento que se seguirán para a adquisición da nacionalidade española por parte destas persoas.

Con este real decreto dáse execución ao disposto no artigo 18 da Lei 52/2007, do 26 de decembro.

Este real decreto foi sometido á consulta da Asociación de Amigos das Brigadas Internacionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 31 de outubro de 2008,

DISPONGO:

Artigo 1. *Dereitos dos brigadistas internacionais.*

Enténdese que concorren nos voluntarios integrantes das Brigadas Internacionais que participaron na Guerra Civil as circunstancias excepcionais que exige o artigo 21.1 do Código civil para adquirir a nacionalidade española por carta de natureza.

Artigo 2. *Prazo para exercer o dereito.*

O dereito a solicitar o acceso á nacionalidade española por carta de natureza contido neste real decreto poderase exercer sen límite de prazo.

Artigo 3. *Solicitud.*

1. A solicitude poderase presentar no Ministerio de Xustiza, en calquera dos lugares indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no Rexistro Civil municipal ou consular do domicilio do interesado.

2. A petición realizarase por escrito, utilizando o modelo normalizado que figura no anexo deste real decreto, que estará dispoñible tamén na páxina web do Ministerio de Xustiza (www.mjusticia.es).

3. Xunto coa solicitude, o interesado poderá achegar aquelas probas que considere oportunas para acreditar as circunstancias exixidas no artigo 1.

Artigo 4. *Procedemento xeral.*

1. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderará solicitar informe dos organismos que poidan testemuñar sobre a realidade das condicións requiridas ao solicitante.

2. Á vista do instruído, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado cualificará e, de ser o caso, declarará o dereito do petionario a acollerse aos beneficios deste real decreto.

3. A resolución ditada servirá de título abondo para a práctica da inscrición no Rexistro Civil, logo de cumprimento do requisito de xura ou promesa de fidelidade ao Rei e obediencia á Constitución e ás leis exixido na letra a) do artigo 23 de Código civil. Non obstante, os interesados estarán exentos da exigencia de renunciar á súa anterior nacionalidade disposta na letra b) dese mesmo artigo.

Artigo 5. *Procedemento especial.*

1. Aquelas persoas ás cales en aplicación do Real decreto 39/1996, do 19 de xaneiro, lles foi concedida a nacionalidade española e que por ter que renunciar á súa nacionalidade non a fixeron efectiva, o que produciu en consecuencia a caducidade da concesión polo transcurso do prazo de cento oitenta días establecido no artigo 224 do Regulamento do Rexistro Civil, poderán reproducir a súa petición sen necesidade de achegar ningunha documentación.

2. Nestes casos, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado non procederá á petición de novos informes, limitándose a comprobar a correspondencia da identidade do solicitante coa daquela a que lle foi concedida anteriormente a nacionalidade española por carta de natureza pola súa condición de brigadista.

3. Comprobada a dita correspondencia e ditada a nova resolución, procederase a facela efectiva conforme o disposto no artigo 4.

Disposición adicional única. *Modelo de solicitude e instrucións para cubrilo.*

Apróbase o modelo de solicitude así como as instrucións para cubrilo que figuran no anexo que acompaña este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 39/1996, do 19 de xaneiro, sobre concesión da nacionalidade española aos combatentes das Brigadas Internacionais na Guerra Civil española.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR



MINISTERIO DE XUSTIZA

DIRECCIÓN XERAL DOS REXISTROS E DO NOTARIADO

SUBDIRECCIÓN XERAL DE NACIONALIDADE E ESTADO CIVIL

Espazo reservado para referencias, codificacións informáticas etc.

Rexistro de presentación

Rexistro de entrada

SOLICITUDE DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA POR CARTA DE NATUREZA EN VIRTUDE DO REAL DECRETO ----/----

1. DATOS DO SOLICITANTE

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido						
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>						
Fillo/a de:	E de:							
<input type="text"/>	<input type="text"/>							
Data de nacemento	Localidade	Pais						
<table border="1" style="display: inline-table; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 20px;">día</td> <td style="width: 20px;">mes</td> <td style="width: 20px;">ano</td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> </tr> </table>	día	mes	ano	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
día	mes	ano						
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>						
<input type="checkbox"/> Pasaporte <input type="checkbox"/> Número de identidade de estranxeiro								
<input type="text"/>								
No caso de estar casado/a, indíquense os datos do cónxuxe:								
Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido						
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>						
Nacionalidade	<input type="text"/>							
No caso de que tivese fillos menores de idade:								
Nome	Apelidos	Data de nacemento	Lugar de nacemento					
-----	-----	-----	-----					
-----	-----	-----	-----					
-----	-----	-----	-----					
-----	-----	-----	-----					
-----	-----	-----	-----					
-----	-----	-----	-----					
-----	-----	-----	-----					

2. DOMICILIO DO SOLICITANTE

Avda., rúa ou praza:			
<input type="text"/>			
Pais	Localidade	Provincia	Código postal:
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Teléfono fixo	Teléfono móbil	Correo electrónico	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

FOLLA 1



3. CONTIDO

Por medio deste escrito, ao abeiro do Real decreto ---/---, solicita a incoación do expediente para a adquisición da nacionalidade española por carta de natureza, ao concorreren as circunstancias excepcionais previstas no seu artigo 1.

QUE DE ACORDO CO DISPOSTO NO ART. 15 DO CÓD. CIVIL SE DECLARA A OPCIÓN POLA VECIÑANZA CIVIL:

<input type="checkbox"/> Común	<input type="checkbox"/> Dº civil de Illes Balears	<input type="checkbox"/> Dº civil foral de Navarra
<input type="checkbox"/> Foral do País Vasco	<input type="checkbox"/> Dº de Galicia	<input type="checkbox"/> Foro do Baylio
<input type="checkbox"/> Dº civil de Cataluña	<input type="checkbox"/> Dº civil de Aragón	<input type="checkbox"/> Tierra de Ayala

PROMETE CUMPRIR NO SEU DÍA O REQUISITO DE XURAMENTO OU PROMESA PREVISTO NO CÓDIGO CIVIL E NO REGULAMENTO DO REXISTRO CIVIL:

Obediencia á Constitución española e ás leis.

Con este escrito achéganse os documentos probatorios dos feitos anteriormente mencionados, conforme o exixido polo artigo 221 do R.R.C.

En virtude do exposto, solicítase a admisión do escrito e os documentos adxuntos e a incoación do oportuno expediente.

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

Tales extremos acredítanse coa documentación que se xunta: (*)

(*) Os documentos deberán ser orixinais.

Certificado literal de nacemento, legalizado e, de ser o caso, traducido. Ademais, se está casado/a, certificado orixinal de matrimonio, legalizado e, de ser o caso, traducido; e se o/a cónxuxe é español/a, certificado literal de nacemento deste.

Documentos acreditativos das circunstancias excepcionais conforme o artigo 3 do R.D. ---/---.

.....

.....

.....

.....

.....

FOLLA 2



4. DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN(*)

(Marque cunha a opción elixida

(*) Cubrir só no caso de que sexa distinto ao seu domicilio.

Para os efectos de notificación, o interesado sinala como medio preferente:

N.º de fax: Correo electrónico: Servizo postal Mensaxaría:.....

Outros (indíquense):.....

e como lugar:

Primeiro domicilio de notificación: Domicilio particular Domicilio laboral Outro domicilio

Avda., rúa ou praza: Localidade: Código postal:

Provincia: País: Teléfono nº.:

Segundo domicilio de notificación: Domicilio particular Domicilio laboral Outro domicilio

Avda., rúa ou praza: Localidade: Código postal:

Provincia: País: Teléfono nº.:

Lugar e data	Sinatura

FOLLA 3

SR./SRA.: **MINISTRO DE XUSTIZA**

MINISTERIO DE XUSTIZA

SOLICITUDE DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA POR CARTA DE NATUREZA
INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O IMPRESO

X E R A I S:

- O documento deberase cubrir á máquina ou con letras maiúsculas, sen correccións nin riscadas.
- Non escribir nos espazos correspondentes aos recadros punteados.

E S P E C Í F I C A S:**1. - DATOS DO SOLICITANTE:**

- **Nome e apelidos do solicitante:** indícaranse o nome e os apelidos completos.
- **Fillo/a de:** consignarase o nome do pai.
- **E de:** reflectirase o nome da nai.
- **Data de nacemento:** nos recadros establecidos para o efecto e co número de díxitos que se piden, consignarase a data de nacemento.
- **Localidade e país de nacemento:** indícaranse a localidade e o país en que naceu.
- **Nacionalidade:** consignarase a nacionalidade que posúa o solicitante. No suposto de que non se teña ningunha indícarase "apátrida".
- **Pasaporte, número de identidade de estranxeiro:** marcarase cunha "X" o tipo de documento identificativo que corresponda e consignarase o seu número.
- **Datos do cónxuxe (no caso de estar casado):**
 - Nome e apelidos:** indícaranse o nome e os apelidos completos do cónxuxe.
 - Nacionalidade:** consignarase a nacionalidade que posúa o cónxuxe. No suposto de que non teña ningunha, indícarase "apátrida".
- **Datos dos fillos menores de idade:**
 - Nome e apelidos:** indícaranse o nome e os apelidos completos da totalidade de fillos menores de idade do solicitante.
 - Data de nacemento:** consignarase a data de nacemento (dd/mm/aaaa) dos fillos relacionados.
 - Lugar de nacemento:** reflectiranse o lugar e país de nacemento dos fillos relacionados.

2. - DOMICILIO DO SOLICITANTE:

- **Avda., rúa ou praza:** consignarase o tipo de vía (avenida, rúa, praza etc.) coa denominación e número que a este corresponda.
- **País:** indícarase o país en que se atopa situado o domicilio.
- **Localidade e provincia:** indícaranse a localidade correspondente ao domicilio e á provincia a que pertence. No suposto de que a localidade sexa entidade inferior a municipio, reflectirase a súa denominación (concello, pedanía, aldea, barrio, parroquia, casarío etc.), cando sexa necesario para a súa correcta identificación. As denominacións escríbanse completas e sen abreviaturas.
- **Código postal:** consignarase o código postal correspondente ao domicilio indicado.
- **Teléfono fixo:** reflectirase o número de teléfono, incluídos os prefixos que correspondan, do solicitante.
- **Teléfono móbil:** indícarase o número de teléfono móbil do solicitante.
- **Correo electrónico:** consignarase o enderezo de correo electrónico do solicitante. Neste suposto poderase escribir en minúscula se así corresponde.

3. - CONTIDO:

- **Circunstancias excepcionais polas cales se solicita a nacionalidade española.**
- **Opción de veciñanza civil:** marcarase cunha "X" a veciñanza civil pola que se opta.
- **Requisito de xuramento/promesa:** marcarase cunha "X" a opción correspondente.
- **Documentos que se achegan:** marcaranse cunha "X" os documentos que se achegan dos que figuran expresamente na solicitude. No recadro de "Documentos acreditativos das circunstancias excepcionais..." consignaranse nas liñas establecidas para iso os demais documentos que acompañan a solicitude.

4. - DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN:

- O solicitante consignará cunha "X" o medio preferente para a notificación de entre os indicados expresamente no impreso (fax, correo electrónico, servizo postal e mensaxaría). Cando o medio preferente non for ningún destes, marcarase a epígrafe "Outros" e indícarase este a continuación.
- Como lugar para primeiro domicilio de notificación sinalarase cunha "X" a opción elixida entre as existentes no impreso (domicilio particular, domicilio laboral e outro domicilio). A continuación, indícará os datos relativos ao domicilio elixido, tendo en conta o seguinte:
 - **Avda., rúa ou praza, localidade, provincia e país:** seguiranse as mesmas instrucións para o cubrir que as indicadas para estes datos no número 2 "Domicilio do solicitante".
 - **Código postal:** consignaranse os díxitos correspondentes ao código postal do domicilio indicado.
 - **Provincia:** indícarase a provincia a que pertence o domicilio indicado.
 - **País:** sinalarase o país a que pertence o domicilio indicado.
 - **Teléfono nº:** reflectiranse o prefixo e número telefónico que correspondan.
- No suposto de que se queira facilitar un segundo domicilio de notificación, as instrucións son igualmente válidas para este.

LUGAR E DATA: consignaranse o lugar e a data en que se cobre o impreso.

SINATURA: asinarase o impreso de solicitude.